



## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CELEBRACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO, DA CONTRATACIÓN DUN PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL, PARA O PROXECTO FEAG-EMPREGANAV.

### 1. ANTECEDENTES

O proceso de globalización que afecta á economía en xeral estivo e está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia

Conscientes desta situación, pola Xunta de Galicia deseñouse o proxecto **Empreganav**, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, presentándose en data 28 de decembro de 2011, unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización) e o 14 de novembro de 2012 dítouse Decisión da Comisión Europea relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, **Empreganav**, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME, a Federación de Industria de CC.OO-Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UGT, MCA-UGT.

Ademais, conta coa participación da Fundación Galega do Metal-FORMEGA, entidade sen ánimo de lucro, formada polo tres axentes sociais do sector, e que ten como misión mellorar a formación e a cualificación dos profesionais do sector do metal de Galicia.

Para levar a cabo o proxecto **Empreganav**, deseñouse un *Plan Integrado de Medidas* feito a medida dos traballadores/as afectados do sector, nas que son acompañados persoal e individualmente nun proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este proceso comprende



varias fases, que van dende a acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, programas de orientación, de formación , ata a inserción.

### Obxectivos do proxecto

O programa **Empreganav** ten como obxectivo final a inserción laboral mediante a mellora da empregabilidade dun 70% das persoas que se impliquen nos itinerarios completos.

En prol deste obxectivo e polo que se articularon toda unha serie de medidas, que configuran un paquete coordinado de servizos personalizados destinados á reintegración dos traballadores/as no mercado de traballo.

### Medidas en curso

Durante as anualidades do 2012 e 2013 desenvolvéronse as seguintes actuacións:

- **Acollida e diagnóstico inicial** que tivo como obxectivo principal a difusión e divulgación das distintas accións que compoñen o proxecto **Empreganav**, así como a sensibilización e a motivación dos potenciais participantes no proxecto.
- **Medidas de sensibilización** que se trataron dun dispositivo de axuda especializada en varios ámbitos para encamiñar a participación dentro das accións presentadas. Leváronse a cabo:
  - ✓ Talleres de xestión do cambio
  - ✓ Talleres de acreditación de certificacións.
  - ✓ Talleres de retorno ás aulas
  - ✓ Talleres para o fomento do espírito empresarial
- **A orientación profesional** centrada en actuacións de identificación do perfil das persoas traballadoras, deseño dun itinerario personalizado de inserción, e posterior seguimento individualizado.
- **Formación e reciclaxe** que dota aos traballadores dunha maior empregabilidade, ben a través dunha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias. Ao longo desta primeira etapa, leváronse e estanse levando a cabo accións formativas pertencentes aos seguintes bloques:
  - ✓ **Formación para activación laboral:** Realización de distintos módulos de contido eminentemente práctico destinados a activar aqueles usuarios/as no seu proceso de procura de emprego.
  - ✓ **Formación transversal:** Cursos de contido eminentemente práctico destinados á adquisición de competencias transversais necesarias para o



desempeño profesional. Realizáronse cursos no ámbito da informática, idiomas, prevención de riscos laborais, etc..

- ✓ **Formación de especialización dentro do sector:** Cursos destinados a proporcionar unha mellora na cualificación profesional dos usuarios/as dentro do sector.
- ✓ **Formación en autoemprego:** Estanse realizando actuacións preparatorias de cara á execución das accións formativas en materia de formación en autoemprego, que deben dar cobertura ás cuestións esenciais para o establecemento por conta propia no mercado laboral.

## 2. XUSTIFICACIÓN

A situación laboral do mercado de traballo caracterízase polas escasas perspectivas de creación de emprego, dado o estancamento da economía. E aínda que é indudable que a formación e mellora da cualificación profesional dos participantes no proxecto Empreganav segue sendo una vía válida para facilitar a súa inserción laboral, esta debe estar acompañada de medias complementarias de apoio á inserción.

Os perfís profesionais dos participantes no proxecto Empreganav, caracterizados pola súa polivalencia e habilidades manuais, fan que a súa inserción en sectores distintos do metal sexa posible. Pero para acadar esta inserción, deben traballarse a inserción directa das persoas participantes en contacto continuo coas empresas, en combinación coa flexibilidade de realizar formación a medida, segundo as necesidades inmediatas do tecido produtivo.

Neste senso, unha vez finalizado ou a piques de finalizar o período de preparación previa (orientación, formación e reciclaxe) faise necesario complementar estas actuacións con outras que irán **dirixidas á inserción no mercado laboral**.

Esta labor de inserción terá como obxectivo principal axudar ás persoas desempregadas participantes do proxecto Empreganav a atopar un emprego, e ás empresas a contratar de entre estas persoas ao/as traballadore/as axeitado/as.

Desta maneira, para a última fase do proxecto Empreganav resulta necesario reforzar os mecanismos empregados para acadar o obxectivo de inserción laboral proposto mediante a contratación **dun programa específico de inserción laboral por conta allea** que favoreza o proceso de inserción laboral da poboación desempregada participante en Empreganav, **centrándose fundamentalmente nos sectores alleos ao sector do metal e auxiliar do naval**.



### 3. OBXECTO DA CONTRATACIÓN

O obxecto do presente prego é regular a contratación e desenvolvemento dun programa de inserción laboral por conta allea dirixido á poboación desempregada participante en Empreganav en sectores alleos ao metal e o auxiliar do naval.

#### Descrición do programa de inserción laboral por conta allea:

##### *a. Persoas beneficiadas:*

O colectivo de usuarios/as son as persoas participantes en Empreganav que se atopan desempregadas.

##### *b. Funcións ou accións:*

O programa de inserción laboral por conta allea destínase a mellorar a rapidez e a calidade do axuste das persoas en busca de emprego ao mercado laboral.

Para tal fin a empresa adxudicataria deste contrato establecerá **acordos con empresas**, por medio dos cales as empresas comprométese a recoñecer ao Proxecto Empreganav como fonte de recrutamento e de preselección de empregado/as nos seus centros de traballo, ofrecéndolle a adxudicataria deste contrato **unha formación para a reinserción** ás persoas de Empreganav que resulten seleccionadas.

As actuacións mínimas a desenvolver serán as seguintes:

- **Creación dunha bolsa de emprego** formada polas persoas participantes en Empreganav que demandan un posto de traballo.
- **Actualización dos perfís de emprego** elaborados no marco do proxecto Empreganav e **avaliación das cualificacións**: analizaranse as cualificacións e os requisitos das persoas co fin de trazar unha estratexia para adaptar as cualificacións da persoa interesada ás demandas existentes no mercado.
- **Asistencia na busca de emprego** mediante a formulación dunha estratexia, mediante información ocupacional e contactos con empregadores/as.
- **Coordinación con empresas colaboradoras** e asociacións de empresarios/as



- **Captación de empresas colaboradoras** para a súa participación nas diferentes accións do contrato.
- **Coordinación co equipo de orientación** xa constituído no marco do proxecto **Empreganav**.
- **Formación para a reinserción:** Mínimo de 4.000 horas de formación. As horas de formación enténdese por alumno/a, cun límite de 100 horas por alumno/a e un máximo de 15 alumnos/as por grupo. Así, se 40 usuarios/as reciben 100 horas de formación, totalizaríase o mínimo das 4.000 horas.
- **Mediación e inserción laboral:** procura de oportunidades de ofertas de traballo adaptadas ao perfil das persoas desempregadas do proxecto, abarcando todas as fases da mediación: captación da oferta, selección de candidatos/a válidos/as da bolsa de emprego de **Empreganav**, contacto cos candidatos/as, envío das candidaturas ás empresas e asociacións empresariais, e seguimento dos resultados.
- **Acompañamento e seguimento** dos procesos de inserción e reinserción laboral, e das prácticas non laborais nas empresas colaboradoras.

**c. Calendario das actuacións**

As actuacións deste contrato comezarán ao día seguinte da firma do contrato ata o **10 de marzo do 2014**.

**d. Metodoloxía proposta e programa de traballo**

O programa de **inserción laboral por conta allea** destínase a mellorar a rapidez e calidade do axuste das vacantes das persoas en busca de emprego ao mercado de traballo. Para tal fin, establécese como metodoloxía base do marco de actuación, a realización de **acordos con empresas ou empregadores/as**, os cales se comprometen a recoñecer a bolsa de emprego do Proxecto **Empreganav** como fonte de recrutamento e de preselección de empregados/as nos seus centros de traballo, e a empresa adxudicataria comprométense a darlle unha formación para a reinserción ás persoas seleccionadas.



Tomando como referencia a metodoloxía base, a empresa licitante detallará na súa oferta técnica a metodoloxía e programa de traballo proposto para a execución dos traballos necesarios para desenvolver un Programa de Inserción Laboral por conta allea específico para Empreganav , polo que se describirán de forma precisa as tarefas e pasos necesarios. Os traballos que se prestarán virán expostos na oferta metodolóxica e prestaranse nos locais da empresa adxudicataria e valorarase a proposta do plan de inserción en sectores alleos ao metal e auxiliar do naval.

*e. Obxectivos de inserción laboral por conta allea*

Para garantir a efectividade do “Programa de inserción laboral por conta allea” e lograr os obxectivos de recolocación no mercado de traballo propostos no proxecto, establécese o prezo en función do número de persoas atendidas e persoas inseridas no mercado laboral, durante a vixencia do contrato.

Os obxectivos de realización do “Programa de inserción laboral por conta allea”, establécense en **180 persoas atendidas** na bolsa de emprego e a colocación e inserción laboral de **126 desas persoas**, o que representaría o 70% da poboación beneficiaria do programa.

**OBXECTIVOS CUANTIFICABLES PARA O PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL**

	MODULO	INDICADORES	MAXIMO SEN IVE
Nº de persoas atendidas e integrantes da bolsa de emprego	225,00	180	40.500,00
Nº de persoas inseridas (por contratación por conta allea)	1.150,00	126	144.900,00
		<b>TOTAL</b>	<b>185.400,00</b>

Entenderase por “**persoa atendida**” a aquela persoa que utilice o “programa de inserción laboral por conta allea” mediante a súa **inclusión na bolsa de emprego** e mediante a **titorización e asesoramento** polo equipo técnico da empresa contratada. Para xustificar a “atención” a cada un dos usuarios, a empresa deberá achegar un informe coas actividades e servizos prestados a cada un dos traballadores e copia da documentación xerada que xustifique a efectiva prestación do servizo.

Por outra parte, entenderase por “**persoa inserida**” aquela que no período dende o inicio da vixencia do contrato ata a finalización do mesmo (10 de marzo 2014), firme un contrato de traballo por un **período mínimo de tres meses**. Para xustificar as



**insercións** a empresa adjudicataria desta licitación deberá presentar copia dos contratos de traballo que xustifiquen as insercións.

#### 4. REQUISITOS MÍNIMOS DE EQUIPO DE TRABALLO

Tendo en conta o traballo que se terá que realizar, o equipo mínimo de traballo que a empresa terá que adscribir estará composto polos seguintes perfís:

- **1 persoa responsable da xefatura/coordinación do contrato:** que deberá contar como mínimo, cos seguintes requisitos:
  - **Titulación:** Diplomatura universitaria nas especialidades de Relacións Laborais, Economía, Empresariais, Dereito Económico ou similar.
  - **Experiencia laboral,** de a lo menos dous anos, en programas de emprego con colectivos con especiais dificultades para a súa inserción laboral.

Esta persoa será a encargada de coordinarse coa persoa que se designe dende a Dirección xeral de Traballo e Economía Social para a supervisión dos traballos que se contratan.

- **3 técnicos/as de Intermediación e Formación (TIF),** que deberán contar a lo menos , cos seguintes requisitos:
  - **Titulación:** Diplomatura universitaria nas especialidades de Relacións Laborais, Economía, Empresariais, Dereito Económico ou similar.
  - **Experiencia laboral,** de a lo menos dous anos, en programas de emprego con colectivos con especiais dificultades para a súa inserción laboral.

Realizarán as seguintes funcións:

- Atención directa e personalizada ás persoas desempregadas de Empreganav.
- Información ás empresas coas que se trate de chegar a acordos e prospección do mercado laboral do seu contorno.
- Seguimento das actuacións realizadas coas persoas desempregadas e as empresas.
- Difusión do proxecto Empreganav.
- Captación de empresas colaboradoras para a súa participación nas diferentes accións do proxecto.



- Detección de ofertas de emprego e definición de perfís e de competencias para a súa axeitada cobertura.
- Coordinación coas empresas colaboradoras e asociacións de empresarios/as.
- Acompañamento e seguimento dos procesos de inserción, de reinserción laboral e de prácticas non laborais en empresa

En Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2013

O director xeral de Traballo e Economía  
Social



Odilo Martiña Rodríguez

A Subdirectora xeral de Traballo



María Coutinho Villanueva